

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2018

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e cinco de outubro de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Manuel Roel Hernández-Serrano, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1<sup>o</sup> do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de outubro de 2018, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_201810251804240000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1. PARTE RESOLUTIVA

#### 1.1. Proposta de aprobación dos festivos para o ano 2019

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:00:40

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de outubro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Segundo o establecido no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no *Diario Oficial de Galicia*.

Así pois, co fin de remitir ao Servizo de Traballo e Economía Social, Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, a proposta deste concello na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no Concello de Cambre para o vindeiro ano 2019, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Establecer como festivos locais para o ano 2019 o día 5 de marzo, martes de Entroido, e o día 16 de agosto.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Traballo e Economía Social, Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 18 de outubro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos).

O Pleno municipal, por dezanove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **1.2. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 11/2018**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:01:42

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de outubro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas e gastos que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 22.295,88 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 11/2018 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2018 por importe de 22.295,88 euros, correspondente ás seguintes facturas e gastos:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2018/329	12/01/2018	B15546237	SONDEOS PORZUNA S.L.	11.842,66
F/2018/2602	23/05/2018	35303364C	RODRIGUEZ OUTEDA SEBASTIAN	1.149,50
F/2018/3069	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	190,83
F/2018/3071	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	148,04
F/2018/3073	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	72,18
F/2018/3074	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	137,75
F/2018/3075	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	17,44
F/2018/3076	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	121,27
F/2018/3078	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	4,97
F/2018/3079	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	15,66
F/2018/3080	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	98,95
F/2018/3081	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	299,04
F/2018/3082	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	81,82
F/2018/3083	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	404,99
F/2018/3084	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	293,67
F/2018/3085	26/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	257,31
F/2018/3086	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	149,29
F/2018/3087	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	48,58
F/2018/3088	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	37,73
F/2018/3089	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	80,31
F/2018/3090	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	128,47
F/2018/3091	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	98,46
F/2018/3092	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	64,94
F/2018/3093	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	68,10
F/2018/3094	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	43,98
F/2018/3095	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	7,42
F/2018/3096	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	214,82
F/2018/3097	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	204,44
F/2018/3098	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	112,93
F/2018/3100	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	591,09
F/2018/3101	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	7,13
F/2018/3104	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	240,92
F/2018/3106	27/06/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	272,81
F/2018/3391	10/07/2018	B70285952	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	2.080,73
F/2018/3797	11/08/2018	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	1.844,00
F/2018/3798	11/08/2018	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	69,60
F/2018/3799	11/08/2018	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	74,05
		H15457088	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS PLAZA EUROPA 1-8 GARAJE	180,00
		H15457088	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS PLAZA EUROPA 1-8 GARAJE	180,00
		H15457088	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS PLAZA EUROPA 1-8 GARAJE	180,00
		H15457088	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS PLAZA EUROPA 1-8 GARAJE	180,00
			<b>TOTAL</b>	<b>22.295,88 euros</b>

**Segundo:** Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente, así como ordenar o seu pagamento.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 18 de outubro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos). E abstéñense

os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### 1.3. Proposta de modificación da Ordenanza fiscal núm. 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles

Acceso á videoacta: Minuto 00:02:55

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de outubro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“No ano 2014 entrou en vigor unha nova Ponencia de Valores aplicable aos inmobles deste municipio. Durante os anos seguintes, aprobáronse rebaixas nos tipos impositivos co obxecto de neutralizar na medida do posible, o incremento das cotas dos contribuíntes, na procura de que a revisión catastral non supuxera unha maior presión fiscal da existente antes da mesma. Tendo en conta que a base liquidable incrementábase cada ano nun 10% da diferenza entre os valores catastrais antes e despois da revisión, continúa a incrementarse a cota tributaria para os contribuíntes que tiveron incremento dos seus valores catastrais.

Deste modo e para seguir a neutralizar este aumento da cota, a corporación municipal propón, en relación ao IBI, a aplicación dun tipo impositivo máis baixo para os inmobles urbanos e rústicos, que compense dito aumento. Así, pasaría a aplicarse un tipo impositivo xeral do 0,50 %, en lugar do 0,55 % vixente para os inmobles de natureza urbana e un tipo impositivo do 0,50 % para os inmobles de natureza rústica. Se propón tamén unha rebaixa do tipo incrementado para todos os usos recollidos ata agora, do 0,90 % ao 0,70%, excepto o uso “obras de urbanización e xardinería, solos sen edificar”, que se mantén no 0,90 %. Engádese un tipo impositivo incrementado para o uso “ocio-hostelería” que será do 0,70 %.

Así mesmo, a proposta inclúe modificar, no que se refire á bonificación existente para familias numerosas, o termo “*membros da unidade familiar*”, por “*membros da familia numerosa*”, xa que segundo a redacción actual, se aplicará “sempre que a renda neta da unidade familiar non supere a cantidade resultante de multiplicar o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), polo número de membros da unidade familiar”, o que significa que os fillos que teñan cumpridos os dezoito anos non computarán para o cálculo, o que rebaixa o umbral e prexudica ás familias con fillos maiores de idade que dependan da renda dos seus proxenitores.

O Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

O artigo 16.1 do devandito texto legal determina que os acordos de modificación das ordenanzas reflectirán a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

Por todo isto, propónse ao Pleno que adopte os seguintes ACORDOS:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación dos artigos 2 e 4.B da Ordenanza Fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, quedando redactada do seguinte xeito:

#### **Ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre bens inmobles:**

##### **Artigo 1º.**

O imposto sobre bens inmobles esixírase neste Concello de conformidade co disposto nos artigos 60 a 77 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, aplicándose sobre ditas disposicións os elementos determinantes da cota tributaria que se regulan nos artigos seguintes da presente Ordenanza fiscal.

##### **Artigo 2º. - Tipos de gravame.**

1. O tipo de gravame xeral aplicable aos bens inmobles urbanos queda fixado no 0,50 por cento.

2. O tipo de gravame aplicable aos bens inmobles de carácter rústico queda fixado no 0,50 por cento.
3. O tipo de gravame aplicable aos bens inmobles de características especiais queda fixado no 1,3 por cento.
4. Aplicarase un tipo de gravame diferenciado aos bens inmobles urbanos de uso non residencial de maior valor catastral, co límite máximo do 10% dos inmobles de cada uso, como se recolle no artigo 72.4 do RDL 2/2004, de 5 de decembro.
  1. Tipo de gravame aplicable aos bens inmobles urbanos de uso "industrial": 0,70%  
Umbral de valor catastral: 341.160,00 euros
  2. Tipo de gravame aplicable aos bens inmobles urbanos de uso "comercial": 0,70%  
Umbral de valor catastral: 112.610,00 euros
  3. Tipo de gravame aplicable aos bens inmobles urbanos de uso "oficinas": 0,70%  
Umbral de valor catastral: 222.300,00 euros
  4. Tipo de gravame aplicable aos bens inmobles urbanos de uso "obras de urbanización e xardinería, solos sen edificar": 0,90%  
Umbral de valor catastral: 25.090,00 euros
  5. Tipo de gravame aplicable aos bens inmobles urbanos de uso "sanidade": 0,70%  
Umbral de valor catastral: 627.750,00 euros
  6. Tipo de gravame aplicable aos bens inmobles urbanos de uso "almacén": 0,70%  
Umbral de valor catastral: 83.490,00 euros
  7. Tipo de gravame aplicable aos bens inmobles urbanos de uso "ocio-hostelería": 0,70%  
Umbral de valor catastral: 526.900,00 euros

### **Artigo 3º. - Exención por criterios de eficiencia e economía.**

Ao abeiro do disposto no artigo 62.4 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, establécese unha exención a favor dos bens inmobles urbanos e rústicos nos que a cota tributaria líquida non exceda de tres euros.

### **Artigo 4º. – Bonificacións**

**A.-** Terán dereito a unha bonificación do 50 por cento sobre a cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

1. O prazo de aplicación desta bonificación abarcará desde o período impositivo seguinte ao correspondente ao inicio das obras e ata o posterior ao remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, sen que, en ningún caso, a bonificación poida aplicarse a máis de tres períodos impositivos.
2. Para o disfrute desta bonificación, os interesados deberán presentar escrito dirixido ao Sr. Presidente da Deputación Provincial de A Coruña durante o ano correspondente ao inicio das obras, debendo achegar a seguinte documentación:
  - a) Copia do recibo do Imposto sobre bens inmobles, correspondente ao inmovible ao que se refire a solicitude de exención. No caso de que non se dispoña do mesmo, certificación expedida pola Xerencia territorial do Catastro de A Coruña-Provincia, no que se faga constar a referencia catastral do referido inmovible.
  - b) Certificado da concesión da preceptiva licenzia municipal que autorice a realización das obras.
  - c) Certificación do Técnico-Director das obras de construción, visado polo Colexio Oficial competente, no que se indique a data de inicio das obras.



d) Documentación que acredite que o inmueble para o que se solicita a bonificación non figura entre os bens do inmovilizado da empresa: cédula de calificación provisional, no caso de vivendas de protección oficial, fotocopia do derradeiro balance de situación presentado ante Facenda ou certificación do censor xurado de contas, no que se faga constar tal circunstancia.

e) Documentación pola que se acredite que os inmoables aos que afectan as obras constitúen o obxecto da empresa de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria: fotocopia dos Estatutos sociais ou fotocopia da declaración de alta no Imposto sobre Actividades Económicas.

3. Á vista da documentación presentada, a Deputación Provincial dictará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só surtirá efectos para o período impositivo seguinte ao inicio das obras, debendo solicitarse expresamente a súa prórroga para os dous períodos impositivos seguintes, achegando a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos establecidos anteriormente. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido no apartado 2, dará lugar a inadmisión da mesma e a conseguinte denegación da bonificación.

**B.-** Terán dereito a unha bonificación de entre o 50 e o 90 por cento na cota íntegra do imposto, aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, de acordo coas seguintes categorías:

- Bonificación do 50 por cento para aqueles suxeitos pasivos titulares da condición de familia numerosa xeral.
- Bonificación do 90 por cento para aqueles suxeitos pasivos titulares da condición de familia numerosa especial.

Esta bonificación concederáse a petición do interesado, exclusivamente para a súa vivenda habitual, e sempre que a renda neta da unidade familiar non supere a cantidade resultante de multiplicar o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), polo número de membros da familia numerosa. Os ingresos acreditados dun exercicio compararanse co IPREM do mesmo exercicio que ditos ingresos. O número de fillos acreditaráse mediante a presentación do carné de familia numerosa.

Para o disfrute desta bonificación en cada exercicio, os interesados deberán presentar escrito dirixido ao Sr. Presidente da Deputación Provincial de A Coruña do 1 de xaneiro ao 31 de marzo do ano correspondente, debendo achegar a seguinte documentación:

- Acreditación de categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.
- Xustificante de empadramento do titular da familia numerosa, referido a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior, no que consten os membros da unidade familiar e todos os membros da familia numerosa, que conviven con él no inmueble para o que se solicita a bonificación.
- Xustificación documental dos ingresos da unidade familiar: copia compulsada da última declaración da renda dos membros da unidade familiar, xustificante de pensións, prestacións sociais, e demais ingresos polos que non estén obrigados a declarar.

Á vista da documentación presentada, a Deputación provincial ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só surtirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse de novo nos seguintes períodos impositivos, aportando a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu disfrute. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido dará lugar a súa inadmisión e a conseguinte denegación da bonificación instada.

**Segundo:** A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no boletín oficial da provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Terceiro:** Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

**Cuarto:** Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 18 de outubro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dezaioito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **1.4. Proposta de modificación da Ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa pola rede de sumidoiros e establecemento e imposición da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:05:19

Vista a proposta de Alcaldía do día 15 de outubro de 2018, modificada por ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación do día 18 de outubro de 2018, quedando redactada do seguinte teor literal:

“En sesión plenaria do vinte e seis de setembro de 2013 acordouse crear o servizo público municipal de depuración de augas residuais e establecer que a xestión do servizo de depuración se levara a cabo de forma directa pola sociedade mercantil de capital público denominada EDAR-BENS S.A., como medio propio e servizo técnico do concello de Cambre, para o cal o concello adquiriu desta sociedade 70 accións, equivalentes ao 7% do capital.

Tendo en conta que a aprobación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público contén novidades de índole tributaria, que afectan á regulación da materia tributaria estatal e local, é necesario adaptar a regulación municipal no que se refire á taxa pola rede de sumidoiros, que inclúe o servizo de depuración, levado a cabo pola entidade mercantil EDAR BENS, S.A..

Considerando que nas disposicións finais novena, undécima e duodécima introdúcense modificacións, respectivamente, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos; na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria; e no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Considerando que a disposición final duodécima incorpora un apartado dentro da regulación do feito impositivo das taxas, artigo 20.6, contida no TRLFL, para matizar que teñen a consideración de prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias as contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación de servizos públicos que as entidades locais prestan á cidadanía, en réxime de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariais, sociedades de capital integramente público e demais fórmulas de dereito privado. É dicir, a realizada de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta.

Tendo en conta que tales prestacións se recollerán nunha Ordenanza específica non fiscal e que actualmente regúlanse conxuntamente coa taxa polo servizo de sumidoiros, co fin de dar cumprimento á nova regulación, esta Corporación propón a modificación da ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa pola rede de sumidoiros, eliminando da mesma o contido relativo ao servizo de tratamento e depuración de augas e a aprobación dunha prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo servizo de depuración no concello de Cambre.

O Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

Polo que se refire ao procedemento de aprobación de ordenanzas non fiscais, figura recollido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

Por todo isto, proponse ao Pleno que adopte os seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar provisionalmente para o exercicio 2019 e seguintes a modificación da ordenanza fiscal nº 9 reguladora da Taxa pola Rede de Sumidoiros:

### **Ordenanza fiscal nº 9 reguladora da Taxa pola Rede de Sumidoiros**

#### **Artigo 1º. - Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a "taxa polo servizo de rede de sumidoiros", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ao prevenido no artigo 57 do citado RDL 2/2004.

#### **Artigo 2º. - Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal, se as verteduras se realizan a través de acometida á rede desde un inmovible.
- c) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal, se as verteduras se realizan de forma esporádica sen enganche á rede desde un depósito móbil.

2. Non estarán suxeitas á taxa as fincas derruidas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

#### **Artigo 3º. - Suxeito pasivo.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que sexan:

- a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, o promotor, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do término municipal beneficiarias de ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.
- c) En caso de prestación de servizos do número 1.c) do artigo anterior, quen efectúe as verteduras.



2. En todo caso terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

#### **Artigo 4º. - Responsables.**

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41, 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

#### **Artigo 5º. - Cota tributaria.**

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 95,00 euros.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos do apartado 1.b) do artigo 2º, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos consumida polo usuario. A tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas:

- 0,25 euros por metro cúbico, xa sexan de verteduras de auga depuradas ou sen depurar, polo servizo de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal.

A estes efectos, en ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ao mínimo facturable por subministración. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.

No caso de que, debido a unha avaría interna da rede, o contador rexistrase un exceso de consumo, o contribuínte debe abonar únicamente a taxa correspondente ao consumo estimado.

Para o seu cálculo, terase en conta, sempre que sexa posible e no mesmo orde, un dos seguintes apartados:

- a) Promedio do mesmo período do ano anterior.
- b) Promedio dos meses anteriores.
- c) Outro distinto a determinar según o caso.

Para aplicar esta excepción, ten que tratarse de consumos excesivos producidos ao longo do último ano natural e ter acreditada a involuntariedade das perdas e a ausencia de culpa ou negligencia do usuario, debendo presentar:

- a) Solicitud.
- b) Factura orixinal do fontaneiro ou empresa que efectuou a reparación, na que se faga constar a clase e data da reparación realizada.

3. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos do apartado 1.c) do artigo 2º, determinarase en función dos metros cúbicos de capacidade da cisterna ou depósito móbil desde o que se realice o vertido, aplicándose a tarifa de 0,25 euros por metro cúbico.

A tal efecto, o suxeito pasivo deberá presentar a documentación pertinente relativa ao volume do vertido no momento de solicitar a licenza.

#### **Artigo 6º. - Beneficios fiscais.**

Aplicarase unha bonificación do 100% sobre o mínimo facturable na tarifa recollida no apartado 2.1 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal a aqueles contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ao respecto. Os excesos facturaranse segundo as tarifas establecidas na alínea 2 do artigo 5º.

### Artigo 7º. - Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida ou de vertedura esporádica sen enganche á rede, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal ou a efectiva vertedura no suposto recollido no apartado 1.c) do artigo 2º. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza pertinente e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que pode instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, teñen carácter obrigatorio para todas as fincas do municipio que teñan fachadas a rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

### Artigo 8º. - Declaración, liquidación e ingreso.

1. No caso de inmobles de nova construción, os promotores, ao tempo de solicitar a licenza de obras, instarán tamén a autorización para realizar as obras de acometida á rede xeral de sumidoiros, achegando xustificante de ter aboado a autoliquidación da cota a que se refire o apartado 1 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal.

2. Os propietarios, usufrutuarios ou titulares de dominio útil dos inmobles que non sexan de nova construción, interesados na concesión de licenza de acometida á rede de sumidoiros, virán obrigados a presentar a correspondente solicitude de acometida, achegando xustificante de pagamento da autoliquidación a que se refire o apartado 1 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal.

3. Cando se presente solicitude de licenza para a vertedura de fecais desde un depósito móbil ingresarase polo suxeito pasivo autoliquidación da cota a que se refire o apartado 3 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal.

4. Se se realiza a acometida sen mediar solicitude, procederase a practicar liquidación, esixindo o ingreso nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento xeral de recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador.

5. As solicitudes de baixas surtirán efectos a partir do trimestre seguinte ao da súa presentación.

6. Unha vez autorizada a acometida, o cobro da taxa realizarase trimestralmente, conxuntamente co da taxa por subministración de auga, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa aprobación do correspondente padrón polo órgano competente.

Neste caso os obrigados ao pagamento farán efectiva a súa débeda dentro do prazo comprendido desde o día en que se fai entrega do recibo á entidade bancaria colaboradora ata o último día do seguinte mes. As débedas non satisfeitas no período citado esixiranse mediante o procedemento de constrinximento.

### Artigo 9º. - Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

**Segundo:** Aprobar provisionalmente para o exercicio 2019 e seguintes o establecemento e imposición da Prestación Patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## **Prestación Patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais:**

### **Artigo 1º: -FUNDAMENTO E OBXECTO**

1. En uso da facultade concedida polo artigo 31.3 da Constitución e polo artigo 105.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, el Concello de Cambre establece unha prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais no termo municipal de Cambre, que se rexerá pola presente Ordenanza.

A prestación patrimonial de carácter público non tributario que se regula na presente ordenanza terá carácter coactivo e será exixida sempre que se presten algúns dos servizos públicos que se relacionan no apartado seguinte.

As tarifas e demais dereitos económicos pola prestación dos servizos que se citan no apartado seguinte, teñen a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, de acordo co artigo 20.6 do TRLHL, en redacción dada pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

2. É obxecto desta prestación patrimonial, o tratamento e depuración de augas residuais. Así como a recepción, vertedura e tratamento de residuos procedentes de pozos negros, en la estación depuradora de aguas residuales de BENS.

Este servizo se presta pola entidade EDAR BENS SA, sociedade mercantil de capital público.

En xeral, todos aqueles servizos propios obxecto desta Ordenanza que sexan provocados polos interesados ou que especialmente redunden no seu beneficio, aínda cando estes non solicitaren a prestación, e que, sendo de competencia municipal, teñan carácter obrigatorio en virtude de precepto legal ou regulamentario.

### **Artigo 2º.- OBRIGADOS AO PAGO**

1.-Están obrigados ao pago os titulares do contrato de suministro de auga potable, solicitantes ou destinatarios do servizo, entre os que se incluírán os que utilicen pozos ou captacións subterráneas propias.

2.-Serán responsables subsidiarios do pago, os propietarios destes inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

### **Artigo 3º.- CUANTIFICACIÓN DAS TARIFAS**

1.1.- Polo servizo de tratamento e depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais, establécese unha tarifa que se determinará mediante a suma dunha cantidade variable, resultante de multiplicar os m<sup>3</sup> de auga consumida pola cota que corresponda de acordo co cadro que se achega, e unha cantidade fixa, por dispoñibilidade do servizo; así:

<b>Consumos uso doméstico:</b>	<b>Compoñente variable</b>
Sen consumo	0,00 € / m <sup>3</sup>
Bloque 1 (0 < Q <= 6 m <sup>3</sup> /mes)	0,28 € / m <sup>3</sup>
Bloque 2 (6 < Q <= 15 m <sup>3</sup> /mes)	0,28 € / m <sup>3</sup>
Bloque 3 (Q > 15 m <sup>3</sup> /mes)	0,28 € / m <sup>3</sup>
<b>Consumos uso non doméstico:</b>	<b>Compoñente variable</b>
Asimilable a doméstico	0,28 € / m <sup>3</sup>
Non doméstico	0,35 € / m <sup>3</sup>
	<b>Compoñente fixa</b>
<b>Usuarios domésticos:</b>	0,50 € / mes
<b>Usuarios non domésticos:</b>	0,50 € / mes

As tarifas anteriores veranse incrementadas, no seu caso, co IVE vixente en cada momento.

Será de aplicación a estas tarifas a refacturación por avaría coa finalidade de corrixir unha facturación excesiva por un consumo anómalo ou desproporcionado de auga doméstica, motivada por avaría na rede interior da vivenda, nos termos establecidos pola Xunta de Galicia.

A estes efectos, entenderase por uso doméstico, non doméstico e asimilable a doméstico, o definido para tales conceptos polo artigo 2 da Lei 9/2010, de Augas de Galicia.

1.2.- A tarifa a esixir pola prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas se as verteduras fecais se realizan de forma esporádica sen enganche á rede desde un depósito móbil, determinarase en función dos metros cúbicos de capacidade da cisterna ou depósito móbil desde o que se realice a vertedura, aplicándose a tarifa de 0,25 euros por metro cúbico.

A tal efecto, o obrigado ao pago deberá presentar a documentación pertinente relativa ao volume da vertedura no momento de solicitar a licenza.

Non estarán suxeitas ao pago das tarifas as fincas derruidas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

#### **Artigo 4º.- TARIFAS REDUCIDAS E EXENTAS**

**A.** Aplicarase unha bonificación do 100% na tarifa recollida no artigo 3º da presente ordenanza, ás unidades de convivencia que acrediten atoparse en situación de exclusión social, entendendo por tal a formada por aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio e manteñan entre eles un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollimento, ou parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao respectivamente.

Os requisitos que deben cumprir as unidades de convivencia para ter a condición de estar en risco de exclusión social serán as seguintes:

1. O enderezo para o cal se solicita a exención debe coincidir co enderezo en que está empadroada a unidade de convivencia.
2. O titular do contrato de subministración de auga potable deberá coincidir con algún dos membros da unidade familiar. Noutro caso, o solicitante deberá acreditar que é o pagador do recibo da taxa da auga.
3. Os ingresos totais da unidade de convivencia non poden superar o importe do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).
4. Polo menos unha das persoas da unidade de convivencia deberá estar en situación de exclusión social, por estar nalgunha das situacións que se enumeran a continuación:

- a) Persoas perceptoras da renda de integración social.
- b) Persoas perceptoras de pensións non contributivas nas modalidades de invalidez ou xubilación.
- c) Persoas que non estando en ningún dos dous supostos anteriores teñan una ausencia ou déficit grave de recursos económicos unido a unha situación de desemprego ou imposibilidade de desempeñar un traballo remunerado e que contén con outros factores, evidenciados a través da súa traxectoria persoal, que agraven a situación de exclusión social ou o risco de padecela, recoñecidos na lexislación vixente da Comunidade Autónoma de Galicia.

**B.** Aplicarase unha bonificación do 50% na tarifa recollida no artigo 3º da presente ordenanza aos usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas, non concedéndose respecto das restantes vivendas que poida ter calquera dos membros que constitúan a familia numerosa.

A bonificación nas tarifas aplicarase sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) O enderezo para o cal se solicita a dedución debe coincidir co enderezo en que está empadroada a unidade familiar.
- b) O titular do contrato de subministración de auga potable debe coincidir con algún dos membros da unidade familiar. Noutro caso, o solicitante deberá acreditar que ten domiciliado o pagamento do recibo da taxa de auga nalgunha conta bancaria da que sexa titular.

**C.** O recoñecemento das bonificacións contenidas nos parágrafos anteriores realizarase por resolución do órgano municipal competente á vista dos recoñecementos das mesmas polo organismo autonómico competente na cota íntegra do canon do auga ao abeiro do disposto no Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Canon do auga e do coeficiente de verteduras a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

#### **Artigo 5º.- OBRIGACIÓN DE PAGO**

1. A obriga do pago dos importes das tarifas nace na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida ou de vertido esporádico sen enganche á rede, se o suxeito pasivo a formulase expresamente e na data que teña lugar a efectiva acometida, en caso de non existir solicitude ou concesión de licenza; sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración, teñen carácter obrigatorio para todas as fincas do municipio que teñan fachadas a rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca no exceda de cen metros, e será obrigatoria a tarifa de depuración aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

#### **Artigo 6º.- NORMAS DE XESTIÓN**

Unha vez autorizada a acometida, o cobro da tarifa realizarase trimestralmente, conxuntamente coa taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e prestación do servizo de rede de sumidoiros, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa publicación polo Concello do correspondente padrón trimestral da auga.

**DISPOSICIÓN FINAL:** A presente Ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte á publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Terceiro:** A modificación da ordenanza fiscal nº 9, así como a nova ordenanza non fiscal, comezarán a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no boletín oficial da provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Cuarto:** Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o acordo provisional, así como o texto completo das ordenanzas modificadas durante o prazo de trinta días, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición da ordenanza fiscal nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública das ordenanzas, os que teñan un interese directo, nos termos previstos nos artigos 17 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, para a ordenanza fiscal e do artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, para a ordenanza non fiscal, poderán examinar os expedientes e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

**Quinto:** Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada e o texto da nova ordenanza non fiscal."

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



## 1.5. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2018

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:06:42

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, e do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación do día 15 de outubro de 2018.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 18 de outubro de 2018.

Vista a emenda presentada polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, rexistrada de entrada ao núm. 3/2193 o día 23 de outubro de 2018, que consta do seguinte teor literal:

“No pleno ordinario da corporación a celebrar este xoves 25 de outubro figura na orde do día a ‘Aprobación das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2018’.

As ditas bases foron ditaminadas favorablemente na oportuna comisión informativa celebrada o pasado xoves 18, sendo fiscalizadas de conformidade pola Intervención municipal, sen reparo ningún, observando, aliás da non concordancia entre os orzamentos analizados, debatidos e aprobados polo pleno municipal no seu día e o plan estratéxico de subvencións en 2 epígrafes, a necesidade de incorporar no contido das bases da convocatoria os criterios obxectivos do outorgamento e a súa ponderación.

En atención a tal observación anunciouse na citada comisión informativa a vontade de incorporar de inmediato a ditas bases os ditos criterios, aprobados na sesión ordinaria do pleno da corporación de xuño de 2014, e que tanto dende antes, como dende despois desa data, permanecen inalterables.

Emitido polo funcionario xefe de área un informe-proposta no que se detalla a citada desagregación dos criterios de puntuación das referidas bases, preséntase, en tempo e forma, conforme co recollido no ROM, esta proposta de modificación das ‘Bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2018’. Propoñendo substituír o texto do punto ‘G.- Criterios de avaliación’ polo que sigue:

*Os criterios para a concesión das axudas serán os seguintes:*

1.- *Representatividade no municipio, gozando de especial preferencia aquelas entidades que colaboraron, durante o ano anterior, en actos/actividades organizadas polo Concello de Cambre. (30 puntos)*

30 puntos	10 puntos	representatividade
	10 puntos	anos consecutivos desenvolvendo a actividade
	10 puntos	colaboración coas actividades municipais

2.- *Número de actividades/competicións, participantes/beneficiarios empadroados no concello e horas de actividade, así como o interese xeral ou sectorial da actividade. (25 puntos)*

25 puntos	12,5 puntos	número beneficiarios
	12,5 puntos	número actividades

3.- *Capacidade económica autónoma e no que se distinguirá (ata 20 puntos):*

20 puntos	6,66 puntos	% que supón o importe solicitado para o proxecto actual
	6,67 puntos	% ingresos propios e de patrocinadores privados
	6,67 puntos	% do proxecto subvencionado por este concello no ano anterior

4.- *Carácter periódico ou permanente das actividades subvencionadas excepto que se trate de actos concretos e de carácter puntual que inciten á participación social, cultural ou deportiva. (10 puntos)*

5- *Actividades nas que se acredite a participación de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social. (10 puntos)*

6.- *Organización de actividades, obxecto desta subvención, que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar. (5 puntos)."*

Sometida a emenda a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a emenda tal e como foi transcrita.

Sometida a proposta a votación ordinaria, coa modificación do punto G.- *Criterios de avaliación* das bases, que queda redactado segundo a emenda que foi aprobada por unanimidade da Corporación, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a proposta que consta do seguinte teor literal:

**Primeiro:** Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2018 e os seus anexos, do seguinte tenor literal, así como a súa convocatoria:

## **BASES CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO 2018**

### **Disposición xeral**

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade para contribuir ao fomento de servizos e actividades que complementen ou suplan aos atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio.

### **A.- Obxecto da subvención**

O obxecto da presente convocatoria é apoiar ás entidades municipais sen ánimo de lucro no desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, educativas, e festivas, así como na dotación de equipamentos que lles resultan necesarios, mediante a concesión de axudas económicas con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do orzamento de 2018.

1. 326 48900 “ANPAS Centros Escolares”.- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades de promoción educativa, culturais e deportivas nos centros de educación do Concello. Consignación 8.000,00 euros
2. 334 48900 “Subv. sen fin lucro libre conc. promoción cultural”.- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades culturais. Consignación 25.000,00 euros
3. 341 48900 “Subv. sen fin lucro libre conc. promoción Deporte”.- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades deportivas. Consignación 22.000,00 euros
4. 341 48900 “Subv. sen fin lucro libre conc. promoción Deporte”.- Transferencias correntes a entidades deportivas para realizar desprazamentos de equipos de deportistas e do material deportivo, a competicións ou torneos deportivos fóra da comunidade autónoma. Consignación 6.000,00 euros
5. 334 78000 “Subv. capital promoción cultural”.- Transferencia de capital a entidades culturais sen fin de lucro para investimentos en equipamento e/ou infraestrutura. Consignación 4.000,00 euros
6. 341 78000 “Subv. capital fomento Deporte”.- Transferencia de capital a entidades deportivas sen fin de lucro para investimentos en equipamento e/ou infraestrutura deportiva. Consignación 7.000,00 euros
7. 338 48900 “Subv. sen fin lucro libre conc. festexos populares”.- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para a organización de festas parroquiais e outras actividades de interese xeral ou sectorial. Consignación 40.000,00 euros.
8. 338.48900 “Outras entidades non lucrativas para transporte de aparellos (ou materiais) habituais das festas parroquiais e outros actos de natureza festiva.” Consignación 10.000,00 euros.

Con esta convocatoria o Concello de Cambre apoia a realización de actividades de distinta índole, deportivas, culturais, lúdicas... que contribúan a un maior benestar xeral, fomenten a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación e cuxos destinatarios sexan maioritariamente de ámbito municipal. En ningún caso serán subvencionables as actividades que se organicen conxuntamente co Concello ou nos que colabore de forma económica.

### **B.- Beneficiarios**

Poderán optar a estas subvencións as entidades ou asociacións xuridicamente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades veciñais do Concello, os comités veciñais e as ANPAS e centros educativos do Concello de Cambre, que cumpran os seguintes requisitos:

- 1.- Carecer de fins de lucro.
- 2.- Desenvolver a súa actividade dentro do termo municipal de Cambre.
- 3.- Non ter pendente de xustificar a subvención municipal concedida no exercicio anterior, e no caso de que así fose, ter concedida unha prórroga ou ter desistido de forma motivada e por escrito.
- 4.- Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- 5.- Ter un mínimo de 15 socios (agás as entidades que pola súa natureza non lles sexa de aplicación).

6.- Ter actualizados os datos no antedito Rexistro municipal, tendo en conta que toda modificación deberá comunicarse no mes seguinte ao seu acontecemento; e o orzamento e o programa anual de actividades comunicaranse no mes de xaneiro de cada ano, ou realizado no prazo de presentación da solicitude de subvención.

7.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

### **C.- Documentación**

As solicitudes de subvención presentaranse no rexistro de entrada do Concello, no modelo normalizado que se facilitará neste mesmo rexistro ou nas seccións de Cultura e Deportes, e no que constará:

1.- Memoria explicativa de cada actividade ou investimento a realizar no exercicio 2018, e para a que se solicita a subvención e na que se fará constar, de forma cuantificada os obxectivos que se han de acadar con estas actividades, con mención especial ao número de beneficiarios/participantes, número de actividades, días e horario nos que se desenvolverán.

No suposto de que a actividade para a que se solicite a subvención se realice conxuntamente con outras entidades, deberá facerse mención expresa disto na memoria.

Acreditación da publicidade e difusión dada á actividade para a que se solicita a subvención no municipio.

2.- No suposto de investimento en inmobles deberá acreditar calquera destas condicións:

- A titularidade do inmovible se a entidade é a propietaria.
- A autorización e cesión do uso do inmovible, por parte dos propietarios a prol da entidade sen fin de lucro, cunha duración mínima de cinco anos a contar dende o ano 2018.
- Ou a autorización para facer o investimento, cando os propietarios sexan entidades de carácter social ou relixioso, ou no caso de inmovible municipal do órgano municipal competente.

3.- Orzamento de gastos e forma de financiamento previsto, na que se fará mención específica ao importe da subvención solicitada ao Concello, e as solicitudes ou concesións doutras subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin.

4.- Os comités veciñais presentarán, ademais, a acta fundacional coa relación dos seus compoñentes, unha fotocopia do CIF solicitado para o efecto e a certificación da conta bancaria aberta para este fin.

5.- Autorización para recadar datos da Axencia Tributaria e da Seguridade Social de estar ao corrente das súas obrigas tributarias.

6.- Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O departamento correspondente revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

### **D.- Prazo de solicitude**

O prazo para presentar as solicitudes é dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria.

### **E.- Importe**

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados e cos ingresos propios para o mesmo obxecto, supere o custo total da actividade realizada ou que se vai a realizar.

Con carácter xeral, o importe da subvención municipal a conceder será como máximo do 80% do custo total da actividade, sen prexuízo de que o Concello poida variar esta porcentaxe en función do interese da actividade subvencionada, xustificándoo debidamente no expediente, polo órgano xestor da subvención.

En todo caso, o importe máximo a subvencionar por solicitante será:

1. De 6.000,00 euros para o obxecto relacionado co epígrafe 338 48900 "Subv. sen fin lucro libre conc. festexos populares", Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para a organización de festas parroquiais e outras actividades de interese xeral ou sectorial
2. De 1.500,00 euros para o obxecto relacionado co epígrafe 341 48900 "Subv. sen fin lucro libre conc. promoción Deporte".- Transferencias correntes a entidades deportivas para subvencionar servizos de transporte (público ou discrecional), de equipos de deportistas e material deportivo co obxecto de participar en competicións ou torneos de carácter deportivo, fóra da comunidade autónoma. En ningún caso para financiar o aluguer de vehículos sen condutor, desprazamentos en taxi ou análogos, nin para os desprazamentos en vehículos propios, que serán subvencionados a través do epígrafe "Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades deportivas".
3. De 500,00 euros para o obxecto relacionado co epígrafe 338.48900 "Outras entidades non lucrativas para transporte de aparellos (ou materiais) habituais das festas parroquiais e outros actos de natureza festiva.
4. De 3.000,00 euros para os demais obxectos da convocatoria.

Establécese un coeficiente de financiamento do 80%, e así, con carácter xeral o importe que se ha de xustificar documentalmete, para poder cobrar a totalidade da subvención concedida será o resultado de dividir o importe desta subvención por 0,80.

#### **F.- Concesión das subvencións**

1.- Previamente á concesión, comprobarase de oficio que as entidades solicitantes non teñen débedas tributarias pendentes.

2.- Tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, e resolverá o outorgamento das subvencións o Alcalde ou, en caso de delegación, os concelleiros das áreas correspondentes, logo da proposta da Comisión de Avaliación.

A Comisión de Avaliación estará formada por:

Presidente: Alcalde ou persoa en quen delegue

Secretaria: Secretaria xeral ou funcionario en quen delegue

Vogais:

Interventor ou funcionario en quen delegue

Concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación

Concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Persoal da área de Cultura, Educación e Deportes

#### **G.- Criterios de avaliación**

Os criterios para a concesión das axudas serán os seguintes:

1.- Representatividade no municipio, gozando de especial preferencia aquelas entidades que colaboraron, durante o ano anterior, en actos/actividades organizadas polo Concello de Cambre. (30 puntos)

30 puntos	10 puntos	representatividade
	10 puntos	anos consecutivos desenvolvendo a actividade
	10 puntos	colaboración coas actividades municipais



2.- Número de actividades/competicións, participantes/beneficiarios empadroados no concello e horas de actividade, así como o interese xeral ou sectorial da actividade. (25 puntos)

25 puntos	12,5 puntos	número beneficiarios
	12,5 puntos	número actividades

3.- Capacidade económica autónoma e no que se distinguirá (ata 20 puntos):

20 puntos	6,66 puntos	% que supón o importe solicitado para o proxecto actual
	6,67 puntos	% ingresos propios e de patrocinadores privados
	6,67 puntos	% do proxecto subvencionado por este concello no ano anterior

4.- Carácter periódico ou permanente das actividades subvencionadas excepto que se trate de actos concretos e de carácter puntual que inciten á participación social, cultural ou deportiva. (10 puntos)

5- Actividades nas que se acredite a participación de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social. (10 puntos)

6.- Organización de actividades, obxecto desta subvención, que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar. (5 puntos).

#### **H.- Obrigas do beneficiario**

As entidades subvencionadas terán que:

- 1.-Realizar a actividade ou adquirir os equipamentos para o que se outorgou a subvención.
- 2.-Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención, coa presentación en prazo da documentación xustificativa prevista na base K.
- 3.-Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención municipal.
- 4.-Comunicarlle ao Concello, tan pronto como teñan coñecemento, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.
- 5.-Sinalar na difusión que se faga das actividades que contan co financiamento do Concello coa expresión "subvencionada Concello de Cambre". A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego. A publicidade de que a actividade da entidade conta coa subvención do Concello, deberá constar sempre nas sedes das entidades respectivas en lugar visible, durante un período dun ano contado dende o día seguinte ao de data de notificación da subvención concedida, e en todo caso no lugar onde se desenvolva a actividade subvencionada, segundo o modelo do cartel que se aproba xunto coas seguintes bases. En caso de que se subvencionen investimentos en bens inmobles o cartel deberá constar en lugar visible no inmovible respectivo durante un período dun ano. No caso de que a entidade teña web propia deberá facer constar na mesma a colaboración económica do Concello ao publicitar as actividades.
- 6.-Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan.
- 7.-Cumprir con calquera outra obriga reflectida no artigo 14 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 8.- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que as persoas ou persoal ao seu cargo non foron condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata

de seres humanos. (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de axuízamento civil)

9.- Empregar con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros/as que puideren acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc) no que queden identificadas a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento. Excepcionalmente poderá empregarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, facturas de aparcadoiro, etc.).

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

### **I.- Notificación e publicidade da resolución**

A resolución da concesión de subvencións será notificada a todos os solicitantes de forma fidedigna, nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A relación de subvencións concedidas baixo esta convocatoria, publicárase no taboleiro de anuncios do Concello e na web oficial do Concello de Cambre (<http://www.cambre.org>) con expresión da convocatoria, beneficiarios e achegas concedidas, nun prazo máximo dun mes a partir da data de resolución da concesión.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderanse formular os recursos que procedan.

### **K.- Xustificación**

#### **K.1. Documentación xustificativa**

Os peticionarios deberán xustificar a realización da actividade ou proxecto subvencionado mediante a presentación no rexistro de entrada do Concello, do modelo normalizado de xustificación que conterá:

1.- A memoria xustificativa do programa realizado que avalíe os resultados, e que terá os seguintes contidos:

- Certificación da realización do programa/investimento
- Localización e influencia territorial das actividades
- Número de actividades realizadas, días da súa realización e usuarios das mesmas.
- Valoración dos obxectivos propostos e resultados obtidos.
- ⊖ Desviacións respecto das previsións iniciais.

2.- Acreditación da publicidade da subvención concedida, mediante a presentación de:

- Fotografía do Cartel en modelo normalizado colocado en lugar visible na sede da entidade, ou lugar que se estableza no apartado H.-5 das bases, demostrativo de que se efectúa a difusión da subvención concedida, tal e como se esixe nas presentes Bases.
- Tríptico ou similar, no que se divulgue e promocióne a actividade/ investimento e no que debe figurar o Concello de Cambre como entidade subvencionadora tal e como se refire o apartado H-5 das bases. En caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.

3.- Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación social de tratarse dunha persoa xurídica, nome e apelidos en caso de persoa física, e CIF), do concepto de gasto e do tipo de documento (número de factura ou documento equivalente, importe, detalle da retención do IRPF se procede, data completa de emisión e de pagamento).

Admitiranse xustificantes correspondentes a actividades ou investimentos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

Dita relación deberá comprender todos os gastos realizados polo beneficiario para o desenvolvemento da actividade, aínda que o seu concepto non sexa subvencionado polo Concello, para os efectos de comprobar que o gasto realizado non é inferior aos ingresos percibidos e imputables ao obxecto a subvencionar.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas, cotas da actividade e demais ingresos propios imputables, supere o custo da actividade. En tal caso reducirase a achega municipal de forma proporcional.

4.- Facturas orixinais ou copias realizadas no concello directamente do orixinal ou documentos válidos para acreditar o gasto, acompañadas de certificado da entidade, acreditativa de que os documentos presentados son os orixinais dos que dispón a entidade.

Deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención por parte do Concello de Cambre. No caso de presentar fotocopias, deberá estenderse a dilixencia no orixinal, antes de facer a copia.

As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e concepto dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos.

a.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza, que xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante nóminas, e os demais gastos correntes coas correspondentes facturas.

b.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de investimentos en bens de equipo xustificaranse coa factura orixinal.

c.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de obras xustificaranse, coas facturas orixinais que expida o contratista e coa certificación asinada por un técnico colexiado competente no caso de obras de importe superior a 50.000,00 euros.

5.- Declaración da totalidade das axudas públicas ou privadas solicitadas, e das concedidas durante o ano 2018 para o mesmo obxecto, así como dos ingresos propios afectados á actividade ou investimento subvencionado ou pola contra, declaración de non ter outras axudas para o mesmo obxecto.

6.- Declaración dos ingresos propios obtidos e afectados á actividade ou investimento subvencionado.

7.- Documento de datos fiscais da entidade actualizados, tales como denominación completa, CIF, domicilio a efectos de notificación) e número de conta para os efectos do pagamento da subvención, debidamente asinado polo presidente e o tesoureiro da entidade.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o dito prazo arquivarase a solicitude e non terá dereito a reclamación.

O Concello de Cambre poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

## **K.2 Prazo de xustificación**

O prazo de xustificación comeza a contar dende o día seguinte á comunicación da concesión da subvención, e rematará o 28 de marzo de 2019. Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de quince días máis por pedimento do solicitante ou por proposta razoada da unidade xestora.

Transcorrido o prazo de xustificación sen terse presentado a mesma ante o órgano administrativo competente, este requerirá ao beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de quince días dende a notificación.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases ou ben na prórroga autorizada ou no prazo improrrogable de presentación de xustificación, ou de non desistir de forma motivada e por escrito nos anteditos períodos, entenderase que renuncia á subvención concedida.

Estes prazos, entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa emenda.

### K.3 Gastos subvencionables

1.- Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade subvencionada, teñan relación directa co obxecto que se subvenciona, se axusten aos conceptos relacionados na solicitude, e se realicen dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2018.

En particular teranse en conta as seguintes regras:

- a) Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- b) Nas viaxes culturais, poderán xustificarse gastos de desprazamento e aloxamento, pero nunca de alimentación, debendo constar desagregados ditos conceptos nas facturas que se presenten como xustificante de gasto.
- c) En xeral, non se admitirán como gastos as facturas relativas a alimentos e bebidas, agás os produtos típicos das celebracións tradicionais de Nadal, Entroido, Magosto, Primavera, San Xoán, e Romarías tradicionais históricas.
- d) Sempre e cando estean vinculadas ao obxecto subvencionado, admitiranse facturas en concepto de gastos correntes de administración xeral (alugueres, pólizas de seguros, luz, gas, teléfono, consumibles de oficina, etc.). O seu importe non poderán superar o 20% do importe total do presuposto a xustificar. En todo caso para a súa consideración como gasto válido deberá xustificarse a súa relación directa co obxecto subvencionado.
- e) Admitiranse como gastos das actividades os correspondentes a pólizas de seguros específicas e directamente relacionadas co obxecto subvencionado; os de transporte de aparellos (ou materiais) habituais nas festas parroquiais e demais actividades de natureza festiva (taboleiros, cabaletes, queimadores, cadeiras etc).
- f) Non se admitiran como gasto aqueles que correspondan a atencións protocolarias.
- g) As facturas xustificativas de gastos de transporte ou desprazamento deben detallar a data de realización e o traxecto realizado, e virán acompañadas dos documentos acreditativos da finalidade do desprazamento.
- h) En ningún caso se admitirán como xustificante de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello en concepto de tributos municipais, como é o caso das taxas por utilización das súas instalacións deportivas, nin en concepto de prezos públicos.
- i) En ningún caso se admitirán como xustificante de gastos os relativos á celebración das festas de fin de curso nos centros escolares.
- j) Os gastos que se xustifiquen mediante "liquidación de indemnizacións en concepto de desprazamento" deberán axuntar documentación complementaria que acredite que as liquidacións se corresponden coa actividade subvencionada (trípticos, calendarios de actividades/ competicións, certificacións de asistencia...). Nas liquidacións deberán constar obrigatoriamente os seguintes datos: as datas do/s desprazamentos e os quilómetros percorridos, o lugar de inicio e destino de cada un dos desprazamentos, así como o motivo do desprazamento.

2.- Cando o importe do gasto subvencionable supere a cantidade de 18.000,00 euros na subministración de bens de equipo ou servizos de asistencia técnica, ou 50.000,00 euros en obras de infraestrutura e equipamento, a entidade deberá solicitar como mínimo tres orzamentos de diferentes provedores (salvo que polas características do gasto non exista mercado suficiente ou salvo que o gasto se realizase antes da solicitude de subvención), debendo xustificarse expresamente cando non recaia na empresa máis vantaxosa.

### **L.- Pagamento da subvención**

Vista a documentación xustificativa presentada, logo do informe-proposta das Áreas de Cultura, Educación e Deportes e do informe de fiscalización da intervención municipal, o órgano competente valorará se se cumpríu a finalidade básica obxecto da subvención e, neste caso, aprobará os xustificantes presentados, correspondéndolle ao Alcalde, ou concelleiro competente en caso de delegación, o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria.

O importe que se ha de xustificar a través de facturas e xustificantes válidos de gasto para poder cobrar a totalidade da subvención concedida será o resultado de dividir o importe desta subvención por 0,80.

1.- No suposto de presentar a totalidade da documentación xustificativa, que se certifique o cumprimento dos obxectivos con respecto ás previsións iniciais, e se xustifique o 100% do importe que se ha de xustificar, aboarase a totalidade da subvención.

2.- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos do 45% do importe que se ha de xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.

3.- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 45% do importe que se ha de xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención municipal, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, polo menos, o importe do orzamento a xustificar.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa subsanación. Pasado este prazo sin que se presentase nova documentación ou documentación rectificadora, arquivarase a solicitude e non se terá dereito á reclamación.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

Excepcionalmente, e unha vez comunicada a concesión das subvencións, as entidades que sexan beneficiarias dunha subvención, poderán presentar unha solicitude razoada de anticipo do importe concedido, no Rexistro Xeral deste Concello. A aprobación dos anticipos realizarase por resolución de Alcaldía ou Concellería delegada, e estará condicionada a:

- a) Informe xustificativo emitido polo responsable do servizo
- b) Proposta do concelleiro delegado da área que corresponda
- c) Constitución dunha garantía por importe do anticipo a favor do Concello de Cambre

### **M.- Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

### **Disposición adicional primeira**

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre, e demais normativa aplicable.”



**ANEXO I**

**FORMULARIO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL 2018**  
(cada entidade cubrirá un por aplicación)

**DATOS DA ASOCIACIÓN:**

Entidade:.....CIF:.....

Enderezo:..... Parroquia:.....

CP:..... Tlf:..... Núm. Rex. Municipal:.....

Representante:..... NIF:.....

Enderezo:..... Tlf:.....

---

**Solicita:**

- 326.48901 Transferencias correntes a ANPAS e centros educativos para realizar **actividades culturais e deportivas nos centros de educación do concello.**
- 334.48900 Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar **actividades culturais.**
- 341.48900 Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar **actividades deportivas.**
- 341.48900 Transferencias correntes a entidades deportivas para realizar transportes a competicións ou torneos de carácter deportivo fóra da comunidade autónoma de Galicia.
- 334.78000 Transferencia de capital a entidades sen fin de lucro para **investimentos en equipamento e/ou infraestrutura cultural.**
- 341.78000 Transferencia de capital a entidades sen fin de lucro para **investimentos en equipamento e/ou infraestrutura deportiva.**
- 338.48900 Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para a **organización das festas parroquiais e outras actividades de interese xeral ou sectorial.**
- 338.48900 Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para a **organización das festas parroquiais e outras actividades de interese xeral ou sectorial** para traslado de aparellos propios e habituais.

---

De conformidade coas bases publicadas no BOP núm. , de de 2018

Cambre, ..... de ..... de 2018

Asdo.: .....

**SR. ALCALDE –PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE**



## MEMORIA- RESUMO (2018)

**Actividade/ equipamento/ obra:**

(a cubrir un por cada actividade, equipamento ou obra)

.....

**Descrición:**

.....  
.....  
.....

**Programación a desenvolver e obxectivos a acadar coa actividade/ investimento:**

a) Obxectivos da actividade:

- 
- 
- 

b) Número de participantes/ beneficiarios:.....

c) Calendario das actividades:

- Periodicidade:.....
- Meses/días:.....
- Lugar/ instalación: .....

d) Cota actividade:.....

e) Colectivo de actuación:.....

f) Conta a actividade con participantes discapacitados ou en risco de exclusión social? (no caso de ser afirmativo indique cantos e as actividades nas que participan)

.....  
.....

*No suposto de investimentos en inmobles que non sexan de propiedade municipal, deberase axuntar acreditación de calquera das condicións recollidas no apartado C.2) das bases da convocatoria.*

**Outra información de interese:**

.....  
.....  
.....

**Número total de actividades:** .....

**Número total de beneficiarios/participantes:** .....

**Influencia territorial das actividades:** .....

**Anos de desenvolvemento das actividades:** .....

---

---

**Orzamento estimativo de gastos e forma de financiamento previsto**

Gastos (2018)	Importe
Total gastos	

Ingresos (2018)	Importe
Subvención Municipal (solicitada)	
Subvención Deputación	
Subvención Xunta	
Cotas participantes	
Achega entidade	
Outras achegas (patrocinadores...)	
Total ingresos	

**RELACIÓN DE INGRESOS PERCIBIDOS NO ANO 2017, a efectos de baremación do punto G-3:**

Xustificou ante o Concello de Cambre o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención durante o 2017:

- Sí
- Non
- Non se solicitou subvención no 2017

INGRESOS PERCIBIDOS NO EJERCICIO 2017	IMPORTE
Subvención Municipal	
Subvención Deputación	
Subvención Xunta	
Cotas participantes	
Achega entidade	
Outras achegas (patrocinadores...)	
Total ingresos	



D./Dna. ....con DNI nº:.....,  
como secretario/a da entidade.....

Á vista das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2018, publicadas no BOP núm. ,  
de de 2018.

**CERTIFICA:**

- 1.- Que esta entidade acordou presentar a correspondente solicitude.
- 2.- Que o número de socios, de esta entidade, a día de hoxe é de: .....
- 3.- Que esta entidade se compromete a comprobar documentalmente que as/os monitoras/es que impartan actividades dirixidas a menores, non foron condenadas/os por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (de acordo coa Lei organica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de axuízamento civil).
- 3.- Así mesmo, acordou nomear a D./Dna. ...., con NIF ....., como representante para as relacións desta entidade co concello.

V.º e praxe  
O/A presidente/a

O/A secretario/a

---

D./Dna. ...., con DNI:....., como Presidente/a da entidade.....

**DECLARA:**

- 1.- Que a entidade á que represento está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións) e que coñezo e acepto as bases da convocatoria de referencia.

Cambre, ..... de.....de 2018

Sinatura,

**(Só para os comités organizadores / veciñais)**

**COMITÉ ORGANIZADOR / VECIÑAL.....**

**Este Comité organizador/ veciñal asume o compromiso de execución, durante o ano 2018 da ....., cunha implicación económica proporcional entre os participantes.**

Así mesmo, o comité acordou nomear representante para as relacións co concello a D./Dña. ....co NIF.....

NOME	D.N.I	DOMICILIO	SINATURA

**Deberase achegar:**

- fotocopia do CIF do comité ou do/a representante.
- certificado da conta bancaria aberta para a finalidade.

**AUTORIZACIÓN DO/A INTERESADO/A PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA RECABAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA E Á SEGURIDADE SOCIAL DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS (concesión de axudas e subvencións)**

A persoa abaixo asinante autoriza ao CONCELLO DE CAMBRE a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Seguridade Social os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención ou axuda correspondente á convocatoria de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos de **concesión, seguimento e control** das subvencións ou axudas mencionadas con anterioridade e en aplicación do disposto pola *Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998*, que mantén a súa vixencia trala entrada en vigor do *Real Decreto Legislativo 3/2004, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas*, e o *artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria*, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.



**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA:**

Nome/ Razón social:.....

CIF:.....

**DATOS DO/A AUTORIZADOR/A:**

Nome e apelidos:.....

NIF:.....

Actúa en calidade de:.....

Sinatura:

Cambre,..... de ..... 2018

**Nota:** A autorización concedida polo/a asinante poderá ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre

**ANEXO II**

**FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL 2018**

(cada entidade cubrirá un por subvención)

Don / dona \_\_\_\_\_ co NIF \_\_\_\_\_, en representación da entidade: \_\_\_\_\_, co CIF: \_\_\_\_\_,

Achega a/s memoria/s resumo da/s actividade/s, equipamento ou obra, e as facturas ou fotocopias das facturas orixinais coa finalidade, unha vez estampilladas, de xustificar a subvención concedida á entidade, por importe de \_\_\_\_\_ euros.

**Total xustificado: \_\_\_\_\_ euros**

- Actividades culturais ou deportivas nos centros de educación
- Actividades culturais
- Actividades deportivas
- Desprazamento a competicións ou torneos de carácter deportivo fóra da comunidade autónoma de Galicia
- Investimento/ equipamento cultural
- Investimento/ equipamento deportivo
- Actividades de interese xeral ou sectorial/ festas parroquiais
- Transporte de aparellos propios/habituais das festas parroquiais e outras actividades de natureza festiva dentro do termo municipal

**De conformidade coas bases publicadas no BOP núm. \_\_\_\_\_, do \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.**





Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_ .

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE**

*A este formulario debe achegarlle os xustificantes de gastos, así como carteis ou trípticos de promoción das actividades onde figure o concello como entidade patrocinadora.*

D./ Dna. \_\_\_\_\_ con DNI: \_\_\_\_\_,

como secretario/a da entidade \_\_\_\_\_

**CERTIFICA:**

Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades /investimentos para as que foi concedida, tal e como se reflicte na memoria xustificativa e na relación de gastos e ingresos totais que se achegan a continuación.

E para que conste, para os efectos de xustificación do cobro da subvención referida, expídese a presente certificación, en \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_ .

V.º e praxe  
O/A presidente/a

O/A secretario/a

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA/ INVESTIMENTO REALIZADO**

**Localización e influencia territorial:**

**Número de beneficiarios da actividade / investimento:**

**Actividades realizadas con relación de datas e programa das mesmas:**

- 
- 
- 
- 
- 
-

**Valoración dos obxectivos propostos e resultados obtidos:**

**Desviacións respecto das previsións iniciais:**

Gastos previstos (na solicitude)	
Gastos efectivamente realizados	
Diferencia	
Desviación respecto de previsións iniciais	%

**RELACIÓN DE GASTO TOTAL**

O gasto total realizado imputable ao obxecto subvencionado é o que se detalla a continuación polos seguintes conceptos e contías:

FACTURA NÚM. / NÓMINA/ OUTRO	DATA DE EMISIÓN	EMISOR	NIF/CIF	CONCEPTO	FORMA DE PAGO	DATA DE PAGO	IMPORTE

						GASTO TOTAL	€

**RESUMO E INGRESOS TOTAIS (para o mesmo obxecto)**

CONCEPTOS	IMPORTE
Cotas participantes	
Contribución propia da entidade	
<b>Subvención municipal concedida</b>	
Subvención Deputación concedida no 2018	
Subvención Xunta concedida no 2018	
Outras achegas:	
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>euros</b>

D./ Dna. \_\_\_\_\_ con DNI: \_\_\_\_\_,

como secretario/a da entidade \_\_\_\_\_

**CERTIFICA:**

- 1.- Que durante o 2018 esta entidade obtivo unha subvención do Concello de Cambre para \_\_\_\_\_ por un importe de \_\_\_\_\_ euros.
- 2.- Que para o mesmo obxecto, obtivo, ademais as seguintes subvencións (*Deberá achegarse copia da concesión da subvención no seu caso*)

ENTIDADES CONCEDENTES	IMPORTE
<b>TOTAL SUBVENCIÓNS RECIBIDAS</b>	

NON RECIBIU NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

3.- Que están pendentes de resolución de concesión ou denegación as seguintes subvencións solicitadas:

ENTIDADES	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIONS	

4.- Que se obtiveron os seguintes ingresos en concepto de cotas e/ou outros ingresos afectos ás actividades:

ACTIVIDADE	IMPORTE
Cotas actividade	
-	
-	
Outros ingresos:	
-	
-	
TOTAL	

E para que conste, para os efectos de xustificación do cobro da subvención referida, expídese a presente certificación en \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_.

V.º e praxe  
O/A presidente/a

O/A secretario/a

D./ Dña. \_\_\_\_\_ con DNI: \_\_\_\_\_,

secretario/a da entidade \_\_\_\_\_

#### CERTIFICA:

Que para xustificar a subvención concedida, se presentan os documentos orixinais dos que dispón a entidade (facturas e documentos xustificativos de gasto), que se relacionan a continuación:

NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	EMISOR	CONCEPTO	IMPORTE




E para que conste, para os efectos de estampillado dos documentos polo Concello de Cambre, expídese a presente certificación, en \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

V.º e prace  
O/A presidente/a

O/A secretario/a

**DATOS FISCAIS DA ENTIDADE**

**DENOMINACION SOCIAL:** \_\_\_\_\_

**CIF:** \_\_\_\_\_

**DOMICILIO:** \_\_\_\_\_

**NÚMERO DE CONTA BANCARIA NA QUE EFECTUAR O INGRESO DA SUBVENCIÓN (IBAN):**

E	S																			
---	---	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

V.º e prace  
O/A presidente/a

O/A secretario/a

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

ANEXO III

SUBVENCIONA



**Segundo:** aprobar un gasto de cento vinte e dous mil euros (122.000,00 euros), imputables ás respectivas aplicacións presupostarias:

- 8.000,00 euros á aplicación orzamentaria 326 48900,
- 25.000,00 euros á aplicación orzamentaria 334 48900,
- 28.000,00 euros á aplicación orzamentaria 341 48900,
- 4.000,00 euros á aplicación orzamentaria 334 78000,
- 7.000,00 euros á aplicación orzamentaria 341 78000 e
- 50.000,00 euros á aplicación orzamentaria 338 48900

**Terceiro:** Publicar as bases no Boletín oficial da provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e comunicar, mediante cartas personalizadas, a tódalas asociacións inscritas no Rexistro Municipal a publicación destas Bases.

**Cuarto:** Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**1.6. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:09:52

Este punto non foi utilizado.

## 2. PARTE DECLARATIVA

### 2.1. Declaracións institucionais

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:09:57



Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da declaración institucional sobre o dereito dunha vivenda digna na Patiña. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración de urxencia da declaración institucional presentada.

### **A) Declaración institucional do Concello de Cambre sobre o dereito dunha vivenda digna na Patiña**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:10:04

O señor alcalde concede a palabra aos representantes da plataforma “A Patiña en loita”, que dan lectura á declaración institucional que consta do seguinte teor literal:

*“Todos os cidadáns teñen o dereito constitucional dunha vivenda digna: “Todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación. A comunidade participará nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos.”*

Na actualidade, froito da especulación urbanística das últimas décadas, moitos veciños e veciñas de Cambre temen por este dereito constitucional e está a sufrir as consecuencias destas malas prácticas permitidas durante anos por todos os gobernos da nación e da autonomía.

En Cambre estase a producir unha situación intolerable nas urbanizacións da Patiña e A Barcala, onde familias que accederon a alugueres en vivendas de protección oficial vense agora obrigados a saír delas pola venda destes inmobles a entidades financeiras que só queren sacar rendibilidade dos seus inmobles sen pensar no terrible dano que poden causar ás familias, moitas delas ou a gran maioría, con poucos recursos económicos, e mesmo en situación de emerxencia social.

É o caso da Patiña onde a entidade bancaria propietaria do inmovible, durante anos en réxime de protección oficial, decidiu a súa venda a un “fondo voitre” que, sen pensar nos seus inquilinos, que se atopan nunha situación de indefensión e precariedade que NON podemos consentir.

Segundo o Instituto Galego de Vivenda, este inmovible xa excede o número de anos que establece a lei para manter o réxime de protección oficial e, polo tanto, poderá vender ou incrementar os alugueres como lle “plazca” sen que ningún organismo oficial lle poña obxección ningunha.

Achámonos nunha situación de extrema gravidade polo prexuízo que se lle causará ás familias que viven nestes inmobles.

Dende o Concello de Cambre mantivéronse conversas coa empresa inmobiliaria que xestiona actualmente o cobro destes alugueres e non só non achegaron a información requirida, senón que se limitaron a confirmar que non renovarán os alugueres aos inquilinos a pesar de saber a situación económica na que se atopan moitas destas familias cambresas.

Dende a Corporación municipal de Cambre queremos apoiar publicamente aos veciños afectados pola política especulativa que está a levar a cabo a entidade titular destes edificios que usan e abusan do seu dereito de propiedade, impondo as súas condicións unicamente pensando no lucro duns poucos, e poñendo en risco un dereito fundamental que debe protexer a estas persoas desta clamorosa inxustiza.

Por todo isto, estimamos que é necesaria e obrigada esta moción que debe apremar aos poderes públicos con competencias para evitar esta situación, instándolles a que promovan as actuacións urxentes orientadas a preservar, e polo tanto a garantir, o dereito fundamental a unha vivenda digna. Entendemos que é condición necesaria a existencia dunhas Administracións Públicas ao servizo das persoas, e non ao servizo da especulación inmobiliaria e os que a promoven.

Somos conscientes dos límites que temos os concellos en materia de vivenda, polo que tamén cremos necesaria a ampliación das nosas competencias para enfrontarnos a casos como o que nos ocupa.

Ante esta situación, o Pleno da Corporación ACORDA:

**Primeiro:** Esixir do Estado central e da Xunta, administracións con competencias suficientes en vivenda, manter unha reunión de urxencia para evitar esta situación que pode acabar con decenas de familias na rúa.

**Segundo:** Solicitar un informe legal ao gabinete xurídico da Deputación sobre a actuación da titular do inmovible que, entendemos pretende "esnaquizar" un dereito básico e constitucional como o artigo 47 CE: "*Todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada*".

**Terceiro:** Esixir a urxente renovación dos alugueres na Patiña e na Barcala e mentres non se acorde esta decisión obrigar á entidade a conceder unha moratoria de 8 anos mantendo as condicións que levan consigo as vivendas de protección oficial.

**Cuarto:** Solicitar que a Xunta de Galicia poña a disposición das familias necesitadas as vivendas baleiras a través de alugueres sociais.

**Quinto:** O concello estudará as medidas legais contra a empresa ou as empresas que decidan levar a cabo calquera política especulativa dentro do termo municipal.

**Sexto:** Esixir á Xunta de Galicia e Estado que poña en marcha un mecanismo urxente de recolocación no caso que fose necesario para todas aquelas familias en risco de exclusión social que sufran a perda da súa vivenda."

Sometida a declaración a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da declaración institucional en apoio ao mantemento da fábrica de Alcoa e todos os postos de traballo. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración de urxencia da declaración institucional presentada.

## **B) Declaración institucional do Concello de Cambre para apoiar o mantemento da fábrica de Alcoa e todos os postos de traballo**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:18:08

A secretaria xeral dá lectura á declaración que consta do seguinte teor literal:

“A Corporación municipal de Cambre amosa o seu apoio incondicional para as traballadoras e traballadores da fábrica de alúmina Alcoa ante a decisión da compañía multinacional de pechar a planta situada no polígono industrial da Grela, na Coruña.

A decisión da empresa deixará na rúa a 400 traballadores e traballadoras coa excusa das perdas económicas que presentan as súas contas, algo que é moi discutible xa que as ganancias que historicamente se produciron no sector do aluminio primario agora se trasladan á refinería de alúmina, en San Ciprián, polo que o grupo segue presentando beneficios.

Segundo o comité de empresa, hai que ter en conta diversos factores como a situación dos custos da materia prima (alúmina) xa que nos últimos meses dobrou ou mesmo triplicou o seu custo habitual nos últimos anos. Esta situación fai que as fábricas de aluminio pasen por un estado financeiro de perdas pero que en ningún caso poden xustificar ningunha acción da compañía sobre elas, xa que Alcoa é unha gran produtora de alúmina a nivel mundial e en España, e ten marxe de beneficio suficiente para non ter que pechar a fábrica da Coruña.

En segundo lugar, o comité quere trasladar á opinión pública a máis que preocupante situación dos custos eléctricos en España, tanto para o consumidor doméstico como para a industria e particularmente para os intensivos entre os que está incluído a factoría. Isto fai necesaria unha intervención estatal que aborde o problema de fondo enerxético. Esixen a revisión de todos os custos reais de xeración e o cálculo dos prezos no *pool* xa que pensa que están moi lonxe da realidade.

Por todo o anterior, a Corporación municipal de Cambre ACORDA:

**Primeiro:** Esixirlle á compañía Alcoa que levante de inmediato o expediente de extinción que pon en risco o emprego de máis de 400 traballadores e traballadoras.

**Segundo:** Esixirlle ao Goberno do Estado que poña en marcha as medidas xa aprobadas nos orzamentos como as propostas sobre as emisións indirectas de CO<sub>2</sub>, do mesmo xeito que a próxima poxa eléctrica se realice o máis pronto posible e cunha duración superior á actual.

**Terceiro:** Esixirlle á Xunta de Galicia que traballe co Goberno estatal en buscar solucións conxuntas que garantan todos os postos de traballo e o futuro da factoría da Grela.

**Cuarto:** Esixirlle á compañía Alcoa que busque alternativas como asinar contratos bilaterais a longo prazo con renovables (*ppas*) que lles outorguen custos moito máis reducidos que os do *pool*.

**Quinto:** Comprometerse a apoiar todas as medidas legais que teñan por obxecto manter a factoría e todos os seus postos de traballo.

**Sexto:** Amosar o seu apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa que están a sufrir as consecuencias do anuncio da multinacional sobre o peche do seu centro de traballo.”

Sometida a declaración a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca

García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

### 3.2. Mocións dos grupos municipais

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:21:39

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON en defensa ao dereito á vivenda. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### A) Moción do grupo municipal de ACdC-SON en defensa ao dereito á vivenda

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:24:06

Presentada a través do Rexistro Electrónico Común o día 19 de outubro de 2018, foi rexistrada de entrada no concello o mesmo día 19, co núm. 900/2493, e modificada mediante escrito núm. 900/2532 o día 24 de outubro de 2018.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“A Constitución no seu artigo 47 recolle o dereito e a garantía dunha vivenda digna e adecuada que, xunto coa función social da propiedade privada recollida no artigo 33, constitúen un dos piares básicos do pacto social que dá orixe á Constitución de 1978.

No pleno de novembro de 2011, o grupo municipal de EU presentaba unha moción relacionada cos desafuzamentos nas vivendas, a cal foi aprobada pola Corporación, onde, entre outros puntos acordábase o seguinte:

*‘Máis aló das medidas de competencia estatal, estudar as medidas a emprender a nivel municipal para paralizar os desafuzamentos, creando unha comisión especial mixta na que participen representantes do pleno municipal e das asociacións de afectados, veciñais e outras organizacións sociais coñecedoras da problemática. O obxectivo principal da devandita comisión será buscar alternativas que eviten os desafuzamentos. Nos casos que non sexa posible, garantir o realoxamento digno das familias afectadas.’*

Con todo, e a pesar desta esixencia, as administracións (incluída a municipal) durante moito tempo miraron para outro lado e non actuaron regulando e dirixindo o mercado da vivenda de maneira que se garantise para todas as persoas unha vivenda digna, en propiedade ou en aluguer, onde cada persoa puidese desenvolver o seu proxecto vital.

A día de hoxe en Cambre non se ten creado ningunha comisión, nin se ten avanzado nada respecto da vivenda pública de protección oficial no concello, e así, a vivenda queda convertida en mercadoría, deixando de cumprir a súa función social, tal e como lle outorga o artigo 33 da Constitución para converterse nun obxecto para a especulación dos bancos e dos empresarios (os chamados fondos voitre), botando as persoas das casas e impedíndolles vivir en aluguer nelas a un prezo razoable.

Cambre, desgrazadamente, tampouco se libra deste drama que ten como protagonista aos 'fondos voitre'. Actualmente son moitas as familias en todo o Estado e no noso concello que están sendo desposuídas das súas vivendas e obrigadas a malvivir porque nin tan sequera contan coa posibilidade de acceder a un aluguer social. Os concellos somos as institucións máis próximas aos veciños e, polo tanto, temos a obriga de actuar para aliviar a preocupante situación de desamparo na que se atopan moitos deles.

Polo exposto, o noso grupo municipal propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Que o Goberno municipal realice as xestións oportunas coa Xunta de Galicia para colaborar no Programa de vivendas baleiras (e na información ás persoas en situación de risco).

**Segundo:** Instar á Xunta de Galicia a cumprir o seu compromiso de pór a disposición das persoas afectadas por desafuzamentos vivendas de protección social no concello.

**Terceiro:** Pór en marcha a primeira fase dun plan municipal dirixido a vivendas de alugueiro social.”

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, propón a inclusión dos seguintes puntos no apartado de acordos:

“**Cuarto:** Que o Concello de Cambre realice un informe social sobre a situación de cada un dos afectados para determinar aquelas persoas que estean en unha situación de maior vulnerabilidade e, polo tanto, necesiten un nivel de axuda superior.

**Quinto:** Que o Goberno de Cambre realice as xestións oportunas coa propiedade das vivendas para que esta conceda unha moratoria mentres non se poña en marcha o Plan de vivendas baleiras e se busquen vivendas para a recolocación dos que o necesiten.”

O grupo propoñente da moción acepta a proposta do PP.

Sometida a moción a votación ordinaria do Pleno, coa inclusión de dous puntos no apartado dos acordos a proposta do grupo municipal do PP e coa aceptación do grupo propoñente, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

**Primeiro:** Que o Goberno municipal realice as xestións oportunas coa Xunta de Galicia para colaborar no Programa de vivendas baleiras (e na información ás persoas en situación de risco).



**Segundo:** Instar á Xunta de Galicia a cumprir o seu compromiso de pór a disposición das persoas afectadas por desafuzamentos vivendas de protección social no concello.

**Terceiro:** Pór en marcha a primeira fase dun plan municipal dirixido a vivendas de alugueiro social.

**Cuarto:** Que o Concello de Cambre realice un informe social sobre a situación de cada un dos afectados para determinar aquelas persoas que estean en unha situación de maior vulnerabilidade e, polo tanto, necesiten un nivel de axuda superior.

**Quinto:** Que o Goberno de Cambre realice as xestións oportunas coa propiedade das vivendas para que esta conceda unha moratoria mentres non se poña en marcha o Plan de vivendas baleiras e se busquen vivendas para a recolocación dos que o necesiten.

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:37:25

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG respecto da rexeneración da ría do Burgo. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

## **B) Moción do grupo municipal do BNG respecto da rexeneración da ría do Burgo**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:37:38

Rexistrada de entrada no concello ao núm. 3/2169 o día 19 de outubro de 2018.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

"A Plataforma para a Defensa da ría do Burgo e a Confraría de Pescadores/as da Coruña levan anos reclamando unha solución para a nosa ría, constatándose ano tras ano que non hai vontade real de levar adiante as urxentes actuacións que e precisan para a rexeneración medioambiental e recuperación dos bancos marisqueiros da ría do Burgo.

Non hai avances na recuperación medioambiental, a Xunta de Galicia non ten adoptado ningunha medida máis que a propaganda, os grandes anuncios de actuacións que nunca se levan a cabo, ou fraudulentas reivindicacións contra o Goberno español cando non é da súa cor política.

En todo caso, a realidade é que cada día e ano que pasa as principais vítimas da contaminación na ría do Burgo, os colectivos de mariscadores e mariscadoras, están máis sumidos na miseria económica e cada día máis comidos polos lodos e o medre da improdutividade dos bancos marisqueiros da ría.

Xa levan transcorridos máis de 12 meses dende que se aprobou a declaración de impacto ambiental, e seguimos sen saber as razóns do atraso na publicación do proxecto definitivo de dragado e do inicio das obras. Así mesmo, xa van moitos anos



da aprobación do informe pola Comisión de Peticións do Parlamento Europeo (despois da visita realizada no 2013 por unha delegación deste mesmo Parlamento) que demandaba do Estado español realizar un Plan integral de rexeneración e recuperación da ría do Burgo.

Ante o próximo debate sobre os orzamentos do Estado para o 2019, preocupáanos que, un ano máis, se inclúen partidas con contías insignificantes respecto do orzamento necesario de acordo ao proxecto de dragado que estivo no seu día en exposición pública, ou, no seu caso, inclúan partidas que nunca se cheguen a executar, prolongando así máis os anos para unha solución real.

Polo exposto, rogamos a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Solicitar ao Pleno do Concello de Cambre asumir as reivindicacións da Plataforma para a Defensa da ría do Burgo e a Confraría de Pesadores da Coruña.

**Segundo:** Solicitar ao Goberno español, e a Xunta de Galicia no que lle compete, para que de inmediato se aprobe o proxecto definitivo de dragado e para que nos vindeiros orzamentos xerais do Estado de 2019 se dote das partidas económicas ao obxecto de acordar un calendario de actuacións, fixar prazos reais –a través do BOE e o DOG– para o inicio do Plan de rexeneración da ría e recuperación dos bancos marisqueiros, así como o seu dragado, tratamento, limpeza de lodos e todas as accións para o seu saneamento integral.

Así mesmo, se consignen as dotacións económicas necesarias que permitan o restablecemento dos convenios coas agrupacións de mariscadores e mariscadoras para labores de rexeneración, mentres non poidan desenvolver con normalidade a actividade marisqueira.

**Terceiro:** Solicitar aos grupos políticos con presenza no Congreso dos Deputados que acorden incluír nos orzamentos xerais do Estado as partidas económicas ao obxecto de acordar un calendario de actuacións, fixar prazos reais –a través do BOE e o DOG– para o inicio do Plan de rexeneración da ría e recuperación dos bancos marisqueiros, así como o seu dragado, tratamento, limpeza de lodos e todas as accións para o seu saneamento integral, como requisito indispensable para a súa aprobación.”

Sometida a moción a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

### 3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

#### 3.1. Informes do equipo de goberno

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:42:00

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1988/2018, do 5 de outubro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Daniel Carballada Rodríguez dende o día 8 ao 11 de outubro de 2018, ambos os dous incluídos a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

### 3.2 Rogos

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:42:27

#### Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/7491 o día 22 de outubro de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

**1º rogo -** *Acceso á videoacta:* Minuto 00:42:31

Lee o rogo don Juan M<sup>a</sup> Abalo Castex.

No pleno ordinario do pasado mes de abril, o Grupo Municipal Popular presentou un rogo no que se requiría a adopción de medidas que paliaran o mal estado no que se atopaban os nosos parques infantís, especialmente os existentes nas parroquias de Brexo-Lema, Cecebre e Aián.

En contestación ao dito rogo a concelleira competente manifestou que se recollía o rogo e que incluso había un informe dos técnicos ao respecto; informe do que este grupo municipal interesou copia.

O certo e verdade é que transcorridos seis meses dende o dito compromiso, este non se cumpriu: o estado no que se atopa o parque infantil de Brexo-Lema é aínda peor que entón, con bambáns non só sucios, senón máis rotos, en peor estado ou máis desmontados, con plaquetas rotas, o mesmo chan e materiais que no mes de abril, etc., que fan desaconsellable a súa utilización polos nosos pequenos, tal e como amosan fotografías obtidas hoxe, día 15 de outubro.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se interese da concelleira competente que se adopten as medidas pertinentes para resolver os problemas advertidos, polo menos no parque infantil da igrexa de San Paio de Brexo-Lema.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo.

**2º rogo -** *Acceso á videoacta:* Minuto 00:43:52

Lee o rogo dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel.

Nunha recente visita ao local da Asociación da Terceira Idade da Barcala, os seus usuarios puxeron de manifesto a existencia dunha serie de deficiencias das que xa é consciente o Goberno municipal e que, entre outros, afecta aos baños, goteiras no teito e deficiencias nas luminarias. Achéganse fotografías que poñen de manifesto as deficiencias observadas.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite do equipo de goberno se resolvan os problemas advertidos á maior brevidade posible.

Dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira delegada dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, acepta o rogo.

**3º rogo - Acceso á videoacta:** Minuto 00:45:04

Lee o rogo dona Rocío Vila Díaz.

Este Grupo Municipal Popular tivo coñecemento de que nos labores de roza efectuados hai uns meses no lugar de Peiraio, un dos camiños alí existentes empezou a ser rozado, quedando interrompidos os ditos labores sen que, dende entón, se teña rematado a faena polos servizos municipais.

Para os efectos de identificar o dito camiño, achégase ortofoto recuperada do Inventario de bens municipais, incluída no arquivo PDF denominado “Viais-B2”, onde se atopa o dito camiño grafiado co núm. 258. Así mesmo, achéganse fotografías demostrativas do estado de maleza que se aprecia actualmente no dito camiño.

Á vista da situación na que se atopa o dito camiño e descoñecendo este grupo os motivos que levaron hai uns meses a paralizar os labores de roza, dende o Grupo Municipal Popular se require ao concelleiro competente que se adopten, á maior brevidade posible, as medidas necesarias para rozar o dito camiño.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo e concreta que o camiño vaise rozar ao día seguinte.

**Rogos de ACdC-SON presentados por escrito**

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 22 de outubro de 2018, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/2502 o día 23 de outubro de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

**1º rogo – Acceso á videoacta:** 00:46:51

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Na estrada AC-220, nas proximidades da Casilla, un poste propiedade do tendido de telefonía atópase parcialmente caído, con risco de provocar accidentes ás persoas, pero tamén podendo deixar sen servizo telefónico aos/ás veciños/as da zona.

Dende ACdC, pregamos realicen as xestións oportunas para poder dar resolución a esta situación problemática e potencialmente perigosa.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, dá conta das actuacións realizadas e comprométese a reiterar a petición á empresa ao día seguinte.

**2º rogo – Acceso á videoacta:** 00:48:27

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Na Travesía da Coutelana existe unha edificación que pensamos debería ter un balado ou algunha medida preventiva para evitar algún previsible accidente ou calquera situación desafortunada que teñamos que lamentar.

Dende ACdC pregamos ao equipo de goberno que adopte as medidas oportunas para corrir o problema, mentres non se dá cumprimento ao expediente existente en relación coa dita construción.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, acepta o rogo.

**3º rogo – Acceso á videoacta: 00:49:02**

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

No camiño que transcorre entre a Casilla e Boixaca, atópase unha arqueta de residuos sólidos urbanos onde os tractores que baleiran as cisternas das fosas sépticas fan o seu vertido.

Este lugar está bastante limitado no espazo, ademais de estar nunha curva, o que pode provocar algún incidente.

Pregamos se sinalice e acondicione o lugar, co fin de mellorar a actual situación.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo.

**Rogo de C's presentado por escrito**

Rexistrado de entrada ao núm. 999/585 o día 22 de outubro de 2018.

**Único - Acceso á videoacta: Minuto 00:51:15**

Lee o rogo dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo.

Nas pasadas comisións informativas do xoves día 18, Ciudadanos Cambre presentou un rogo para que dende o concello se prestase axuda a todas aquelas nais que o necesitasen na tramitación das reclamacións de devolución do cobro indebido no IRPF das prestacións por maternidade, ao estar estas exentas de tributación.

De momento está exención afecta só ás traballadoras mulleres, aínda que máis adiante pode afectar tamén aos homes, agora mesmo o Tribunal Supremo aínda non ten ditado sentenza a este respecto.

Son moitas as dúbidas que se poden formular, como quen pode solicitar a revisión, como se solicita, ou que documentación se necesita, entre outras moitas.

Respecto de como solicitala, a Axencia Tributaria anunciou que habilitaría un formulario específico, e á espera da súa publicación comprometéronse vostedes dende o Goberno de Cambre a prestar este servizo de axuda na súa tramitación.

Dende a data de presentación desta pregunta sábese que para solicitar a revisión, é necesario presentar un escrito de solicitude de rectificación de autoliquidacións ante a Axencia Tributaria.

Existen xa varios modelos válidos, polo que o concello xa pode empezar a ofrecer e publicitar esta axuda informativa.

Reiteramos o rogo, porque como fixemos mención a semana pasada, nos casos de 2014 o prazo para presentar a reclamación finaliza o 31 de decembro de 2018, pero ademais hoxe coñecemos que nos casos daquelas persoas cuxa renda 2013 tivo resultado a ingresar e fraccionaron o pago, prescribe o 5 de novembro.

Por todo iso rogamos:

Se informe á maior brevidade posible deste asesoramento por parte do concello sobre os pasos que se teñen que seguir e en que prazos, para poder reclamar o IRPF aquelas mulleres veciñas de Cambre, que tributaron pola súa baixa de maternidade.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación di que actuarán cando teñan o formulario oficial da Axencia Tributaria.

### 3.3 Preguntas

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:59:00

#### Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/7491 o día 22 de outubro de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

**1ª pregunta - Acceso á videoacta:** Minuto 00:59:04

Lee a pregunta don Manuel Rivas Caridad.

Varios son os veciños que se interesan polo destino que se vai dar á totalidade dos baixos do edificio de “Os Magnolios”, sito na intersección entre a Tapia e o Paseo Marítimo do Temple, onde ata a inauguración do novo centro de saúde, se atopaban as instalacións do SERGAS na parroquia do Temple.

Máis aló do traslado da oficina de rexistro ata agora existente na Casa das Palmeiras, os nosos veciños pregúntanse polo destino dos aproximadamente 300 metros cadrados cos que contan as ditas instalacións.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación contesta a pregunta.

**2ª pregunta - Acceso á videoacta:** Minuto 01:00:08

Lee a pregunta don Manuel M<sup>a</sup> Mora Pita da Veiga.

Varias son as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular se ten interesado polos problemas dos deportistas cambreses de tiro con arco, que conta en Cambre con ata setenta deportistas federados. Deportistas que, o pasado inverno adestraron a cuberto, sen saber este grupo municipal que medidas se adoptaron dende o noso concello para os efectos de posibilitar os adestramento ao aire libre nos meses de primavera e verán; o carácter provisional ou definitivo das medidas que se adoptaron, así como cales son as previsións que para o efectos manexa o noso concello para a vindeira tempada.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente en materia de Deportes sobre os extremos máis arriba referenciados.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro delegado do servizo de Deportes, contesta a pregunta.

**3ª pregunta - Acceso á videoacta:** Minuto 01:01:20

Lee a pregunta don Manuel M<sup>a</sup> Mora Pita da Veiga.

Os comerciantes e hostaleiros do noso municipio recibiron unha comunicación remitida pola concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico, na que se invita aos ditos negocios a adherirse á rede de baños amables do Concello de Cambre. Na dita comunicación trátase de convencer aos ditos negocios de que a adhesión á dita rede conseguirá incrementar a afluencia de clientela a partir da mellora do trato e da atención á cidadanía. Así mesmo, infórmase que “o baño pode empreñarse de forma gratuíta”.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Tendo en conta que, tal e como algún dos nosos veciños nos advirten, o verbo empreñar ten como única acepción aplicable ao caso a de “causar molestias a alguén”, neste caso de forma gratuíta, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao equipo de goberno cal é a verdadeira intención que o concello persigue con estas medidas en beneficio dos hostaleiros e comerciantes aos que se dirixe, así como cal é o resultado da dita campaña de adhesión entre os nosos hostaleiros e comerciantes.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta a pregunta.

### **Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito**

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 22 de outubro de 2018, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/2502 o día 23 de outubro de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

#### **1ª pregunta – Acceso á videoacta: 01:04:08**

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Moitos meses son xa os que o pasamáns do Paseo Marítimo que dá acceso á ponte do Burgo está suxeita con bridas, e anteriormente foron moitas semanas que estivo sinalizada con cinta da policía local.

A función da varanda que foi suxeita con bridas é que calquera persoa que utilice unha cadeira de rodas poida agarrarse para facilitar o seu desprazamento.

O feito de que en lugar de soldar ou repoñer o pasamáns fóra suxeito con bridas plásticas, e iso despois de moito tempo simplemente sinalizado con cinta da policía, denota pouco interese en solucionar as deficiencias no noso concello respecto da accesibilidade nos elementos que faciliten a mobilidade a persoas con necesidades especiais e, por outra banda, a demora na resposta aos problemas que se van presentando no noso concello, sendo necesario, en moitos casos, que pasen meses para que o Goberno de Cambre actúe en situacións de moi pouca complexidade e moi pouco investimento.

O Goberno ten a ben arranxar definitivamente a deficiente situación da varanda citada en pro de facilitar o acceso a persoas de mobilidade reducida?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

#### **2ª pregunta – Acceso á videoacta: 01:05:25**

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Recentemente os medios de comunicación publicaban que Augas de Galicia realizaría as tarefas de limpeza das marxes do regato de San Pedro, no termo municipal de Oleiros.

Está previsto que o proxecto inclúa a limpeza no Concello de Cambre?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado de Urbanismo, contesta a pregunta.

#### **3ª pregunta – Acceso á videoacta: 01:06:11**

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos, coa inclusión da corrección efectuada mediante escrito presentado a través do Rexistro Electrónico Común o día 24 de outubro de 2018, e rexistrado de entrada no concello ao núm. 900/2530 o mesmo día.





Na rúa Francisco Añón, á altura do número 7, atópase un sumidoiro con evidentes signos de corrosión, presumiblemente debidos á eliminación de substancias químicas corrosivas provenientes dalgunha das empresas que se atopan nas proximidades do dito sumidoiro.

Pode o Goberno facer as investigacións pertinentes e tomar as medidas oportunas para evitar a eliminación de residuos, posiblemente nocivos ou tóxicos, polas redes de sumidoiros?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado de Urbanismo, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e sete minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia